



**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

**ACTA N.º 1/2017**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE XANEIRO DE 2017**

ASUNTOS

I.- *PARTE RESOLUTIVA*

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS (ANO 2017)
- I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (ANO 2017)
- I.4.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E FESTEIRAS (ANO 2017)
- I.5.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS
- I.6.- MOCIÓNS DE URXENCIA:
  - 1.- RÉXIME DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS
  - 2.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON CARGO AO PLAN CONCELLOS DA DEPUTACIÓN.

II.- *CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PSOE:
  - D. Juan Antonio González Pérez

**Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
  - D. Diego García Moreira
  - D. Rubén Rial Sánchez
  - D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
  - D. José Luis Sanromán Román
  - D. Alfonso Vázquez Pérez
- PP:
    - D. Alberto Valverde Pérez
    - D. Alberto García Pazos
    - D. Modesto Martínez Sienes
    - D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
    - D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
    - D. Miguel Alonso Fernández
- NIGRÁN DECIDE:
    - D. José Cuevas Raposo
    - D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira
- UCNigrán:
    - D. Antonio Fernández Comesaña
- BNG:
    - D. Xavier Rodríguez Fernández

---



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 26 de xaneiro de 2017
- *Lugar de celebración:* Salón de Actos do edificio anexo á Casa Consistorial (Auditorio)
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20: 00
- *Hora de remate:* 22:37
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

### **Incidencias:**

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño abandona a sesión durante o desenvolvemento do punto de rogos e preguntas.

b) Outras incidencias: Entre os puntos I.1 e I.2 da orde do día a Presidencia autoriza a intervención dunha persoa do público, que se refire a un conflito co Concello sobre a titularidade dunha parcela.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

## **I.- PARTE RESOLUTIVA**

### **I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data:* 21 de decembro de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 21 de decembro de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

### **I.2.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS (ANO 2017)**

#### *I) Ditame da Comisión.*

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de xaneiro de 2017, informa favorablemente o expediente que contén as bases que a seguir se transcriben. Figura un informe de reparos num. Ref. T 3/17, de data 16/01/2017.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA AS SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO MUNICIPIO (ANO 2017).**

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para as subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural no ano 2017, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 1 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.

#### **1.—OBJECTO DA SUBVENCIÓN:**

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

#### **2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

#### **3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:**

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo á partida 2017/334.48000 do Orzamento do ano 2016, actualmente prorrogado.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.500,00 euros, a distribuír entre un máximo de tres actividades ou proxectos. A subvención que no seu caso se conceda ingresarase a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

#### **4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- c) O imposto sobre o valor acrecentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

#### **5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:**



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “ .....	5 puntos
26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación: Ata 30 puntos (segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para as subvencións para actividades culturais). Ata 30 puntos.

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

### 6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse de conformidade co previsto no artigo 66 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e concordantes.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Anexo V incorporado ás presentes bases, coas declaracións que no mesmo se conteñen, formuladas polo membro da entidade ou asociación solicitante que teña a competencia orgánica para elo.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

### 7.—ENMENDA DE DEFECTOS:

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

resolución, de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

### **8.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:**

1. A valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, a Concelleira de Cultura, un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario técnico da área de Intervención, e un funcionario da área de Secretaría Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

4. A proposta de adjudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

5. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.

6. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

### **9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

a) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.

b) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.

c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

d) Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.

f) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar a subvención.

### **10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:**

O pagamento das subvencións efectuarase unha vez xustificadas as mesmas, de conformidade co previsto na Base 3, e mediante transferencia bancaria.

A tramitación da xustificación iníciase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación na forma legalmente prevista da seguinte documentación xustificativa, antes do 15 de novembro de 2017:

a) Solicitud de liquidación da subvención concedida, incorporando a declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan aos xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención (Anexo VI das presentes bases).

b) Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:

1. Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde da relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVA, data de pago, forma de pago. A tal efecto, resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.
2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.
3. Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)
4. Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.

d) Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.

De non xustificarse a totalidade do importe do proxecto ou actividade subvencionado plantexado na solicitude, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación complementaria.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma conlevará a revogación da subvención concedida.

### **11.—SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.**

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

### **12.—VIXENCIA.**

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2017, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

### **ANEXO I**

#### **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS**

D/Dª ..... con Dni. ....

na súa calidade de .....

ENTIDADE/ASOCIACION.....con NIF.....

domiciliada en .....

Inscrita no REXISTRO DE ASOCIACIÓNS con e nº do Rexistro Municipal de



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Asociacións.....

Domicilio para notificacións c/.....

Número de teléfono de contacto.....

EXPON:

Que á vista da convocatoria de subvencións relativa

a .....

SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de..... € para o proxecto ..... do cal o coste total ascende a .....€, para o que se adxuntan os documentos requeridos, dando fe da veracidade dos mesmos e certificándoos.

En Nigrán, a ..... de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

Documentos que se adxuntan

1..... 2.....  
3..... 4.....

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRAN**

### ANEXO II

#### MEMORIA XERAL DA ENTIDADE

Nome:.....

Domicilio:..... C.P.....

Teléfono.....

CIF.....

Ano de Constitución:.....

Nº Inscripción no Rexistro Municipal.....

Ano de elección da Xunta Directiva.....

Ambito de actuación.....

Nº de socios.....

Nº personas contratadas.....

Nº voluntarios.....

Fins.....

Relación de programas e actividades desenvoltos durante o ano anterior

-



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

-

### ORZAMENTO DE INGRESOS ANUAIS DA ENTIDADE

Cuotas de socios.....  
Xerais.....  
Financieros .....  
Subvencións recibidas ou solicitadas a Administracións Públicas  
.....  
.....  
Outros ingresos .....  
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS .....

En Nigrán, a ..... de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

### ANEXO III

#### MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN DA CONVOCATORIA:.....

- Fundamentación do proxecto.
- Obxectivos que persegue.
- Descrición do sector de poboación ó que se dirixe.
- Número de destinatarios e idades.
- Descrición e desenvolvemento de actividades.
- Lingua empregada na actividade.

Descrición das actividades e coste:

Temporalización:

- Recursos humanos e materiais a utilizar.
- Formas de avaliación do proxecto
- Resultados  
Impacto
- Orzamento detallado:

INGRESOS:

- Subvención solicitada ó Concello de Nigrán .....
- Subvención solicitada a outras Entidades/Administración .....
- Aportación da Entidade solicitante.....
- Aportación de usuarios .....
- Aportación de socios .....
- Aportación doutras entidades .....
- Outros .....





# CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- TOTAL DE INGRESOS .....

GASTOS:

Tipo	Concello	Entidade	Outras Admón	Custe Total
Compra material				
Arrendamentos				
Transporte				
Suministros				
Servicios Prof.				
Outros				

TOTAL GASTOS.....

Orzamento total do proxecto:

- Outras subvencións demandas, previstas e recibidas .....
- Cuantía total solicitada nesta convocatoria de subvencións .....
- Cuantía solicitada ou percibida doutras institucións .....

En Nigrán, a ..... de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

## ANEXO IV

### DATOS DA ENTIDADE BANCARIA Á QUE SE DEBE TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Entidade titular da conta bancaria, que terá que coincidir coa Entidade solicitante da subvención .....

Banco.....

Domicilio..... c.p.....

Localidade.....Provincia.....

Código do Banco (4 díxitos).....

Código da oficina ou sucursal (4 díxitos).....

Díxito de control (2 díxitos) .....

Nº de conta corrente (10 díxitos).....

En Nigrán, a ..... de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

### SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS – CONCELLO DE NIGRÁN

EXERCICIO 2017

ANEXO V



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:

CIF:

ENDEREZO:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:

1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,

- Teñen carácter subvencionable  
 Non teñen carácter subvencionable

3. Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesorería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2015/2016.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo.

### SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS – CONCELLO DE NIGRÁN

#### EXERCICIO 2017 ANEXO VI

### ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:

CIF:

ENDEREZO:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para actividades culturais no ano 2017, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de cobro da subvención.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

Nº Orde	Factura Nº e data	Proveedor Nif/Cif	Concepto facturado, descrición	Data e forma de pago	Iva	Importe



# CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>						

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo.

## SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS – CONCELLO DE NIGRÁN

### EXERCICIO 2017 ANEXO VII

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

**PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades culturais no ano 2017, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo.

--

## II) Emenda da Alcaldía

Expte. 2017000058Sv

En relación co expediente ditaminado pola Comisión especial de Contas do 18 de xaneiro de 2017 sobre o asunto de referencia.

Vista tamén a conveniencia de establecer un marco xeral para as convocatorias de premios na



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

materia de referencia por parte do Concello.

Esta Alcaldía Presidencia propón ao Pleno:

**A)** Engadir ás bases unha Disposición Adicional coa seguinte redacción:

*“De acordo coa Disposición Adicional Décima da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderanse convocar premios relacionados coa materia obxecto das presentes bases, con cargo ás partidas orzamentarias que no seu caso se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía.*

*A dita convocatoria respectará o contido da Lei referida, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.*

**B)** Que a parte dispositiva do acordo quede redactada nos seguintes termos:

**PRIMEIRO.-** Levantar (ao abeiro do establecido no artigo 217 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais) os reparos formulados polo Interventor municipal no seu informe do 16-01-2017.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases específicas da convocatoria para as subvencións para actividades culturais do municipio (ano 2017), coa incorporación da Disposición Adicional proposta.

**TERCEIRO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**CUARTO.-** Indicar que esta resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a publicación.

Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

### **Deliberación conxunta dos puntos I.2, I.3 e I.4.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pódense someter todas as bases a debate conxunto. Pensa que se recolleron suxestións feitas na Comisión. A Presidencia presenta unha emenda, na que, segundo explica, preténdese incluír unha disposición sobre os premios.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Nigrán Decide propón un enfoque distinto, é dicir, unha emenda á totalidade. Pídelles que expoñan a súa postura.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Parece máis unha moción de urxencia.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* É unha cuestión relacionada. O que propoñen son uns novos criterios. Pide que se retiren as bases actuais, porque están deseñadas para non ser concedidas na súa totalidade. Explica a proposta que presenta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non lle parece que a forma correcta sexa presentar iniciativas fóra da Comisión. Non é certo que o Concello non queira dar as subvencións. Non retiran a proposta, xa que do que se trata é de que poidan pedilas canto antes. O que fan as



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

entidades é importante.

*Sr. Cuevas Raposo:* Na Comisión explicou a súa postura e o Alcalde negoulle información. O seu traballo busca favorecer aos veciños. Buscan de eliminar desigualdades de trato, e que se mellore o proceso.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Parece que estamos ante unha emenda á totalidade. Ao mellor hai que revisar a proposta da Comisión. Tampouco se coñecía ata hoxe a emenda do goberno.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Hai que decidir como se tramita a iniciativa de Nigrán Decide. Parece que a urxencia dela está xustificada. Está de acordo con algúns puntos da mesma, e non tanto con outros. Tamén cabería asumir a proposta de cara á convocatoria do ano que ven.

*Sr. García Pazos:* Recoñece que as convocatorias anteriores non foron de todo exitosas. Hai diferenzas entre os que utilizan locais municipais e os que non. Cabe reconsiderar a proposta de cara á sesión do mes de febreiro.

**Votación conxunta e acordo sobre a proposta de deixar sobre a Mesa os puntos I.2, I.3 e I.4 da orde do día.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP, Nigrán Decide, UCN.
- Votos en contra: 8; PSOE e BNG.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar sobre a mesa os asuntos I.2, I.3 e I.4 da orde do día.

### **I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (ANO 2017)**

#### *I) Ditame da Comisión.*

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de xaneiro de 2017, informa favorablemente o expediente que contén as bases que a seguir se transcriben. Figura un informe de reparos num. Ref. T 4/17, de data 16/01/2017.

#### **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA AS SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO MUNICIPIO (ANO 2017).**

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para as subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin deportivo no ano 2017, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 1 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### 1.—OBJECTO DA SUBVENCIÓN:

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades deportivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

### 2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

### 3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo á partida 2017/341.48000 do Orzamento do ano 2016, actualmente prorrogado.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.500,00 euros, a distribuír entre un máximo de tres actividades ou proxectos. A subvención que no seu caso se conceda ingresará a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

### 4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

### 5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “ .....	5 puntos
26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación: Ata 30 puntos (segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para as subvencións para actividades deportivas). Ata 30 puntos.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

### 6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse de conformidade co previsto no artigo 66 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e concordantes.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Anexo V incorporado ás presentes bases, coas declaracións que no mesmo se conteñen, formuladas polo membro da entidade ou asociación solicitante que teña a competencia orgánica para elo.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

### 7.—ENMENDA DE DEFECTOS:

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común nas Administracións públicas.

### 8.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN:

1. A valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, o Concelleiro de Deportes, un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario técnico da área de Intervención, e un funcionario da área de Secretaria Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

valoración.

3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

4. A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

5. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.

## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo.

### II) Emenda da Alcaldía

Expte. 2017000057Sv

En relación co expediente ditaminado pola Comisión especial de Contas do 18 de xaneiro de 2017 sobre o asunto de referencia.

Vista tamén a conveniencia de establecer un marco xeral para as convocatorias de premios na materia de referencia por parte do Concello.

Esta Alcaldía Presidencia propón ao Pleno:

**A)** Engadir ás bases unha Disposición Adicional coa seguinte redacción:

*“De acordo coa Disposición Adicional Décima da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderanse convocar premios relacionados coa materia obxecto das presentes bases, con cargo ás partidas orzamentarias que no seu caso se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía.*

*A dita convocatoria respectará o contido da Lei referida, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.*

**B)** Que a parte dispositiva do acordo quede redactada nos seguintes termos:

**PRIMEIRO.-** Levantar (ao abeiro do establecido no artigo 217 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais) os reparos formulados polo Interventor municipal no seu informe do 16-01-2017.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases específicas da convocatoria para as subvencións para actividades veciñais e festivas do municipio (ano 2017), coa incorporación da Disposición Adicional proposta.

**TERCEIRO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**CUARTO.-** Indicar que esta resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

contar dende a publicación.

Todo sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Deliberación conxunta dos puntos I.2, I.3 e I.4.-** A síntese das intervencións recóllese no punto I.2.

**Votación conxunta e acordo sobre a proposta de deixar sobre a Mesa os puntos I.2, I.3 e I.4 da orde do día.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP, Nigrán Decide, UCN.
- Votos en contra: 8; PSOE e BNG.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar sobre a mesa os asuntos I.2, I.3 e I.4 da orde do día.

### **I.5.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de xaneiro de 2017, informa favorablemente a seguinte moción do Grupo Municipal UCN:

#### Exposición de Motivos:

1.- El pasado 21/12/16 el Tribunal Supremo ratificó la ordenanza fiscal reguladora de la “Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público local de las instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos”, aprobada por el Ayuntamiento de Arteixo.

2.- Teniendo en cuenta que la referida sentencia del Tribunal Supremo, supone un balón de oxígeno para las arcas municipales y en una cuantía importante, lo que permitirá disponer de fondos para –entre otros- mejorar la atención y necesidades en emergencia y servicios sociales municipales, sin tener que gravar a los vecinos con nuevos impuestos, ya que serán las grandes compañías las destinatarias de la nueva Tasa que se pretende aplicar, de acuerdo con el art. 35 de la Ley 58/2003 General Tributaria, de 17 de diciembre, y que se beneficien del aprovechamiento especial del dominio público local, tanto de suelo, subsuelo o vuelo.

3.- Dado que por el Ayuntamiento de Nigrán discurren no solo líneas de transporte de energía eléctrica, sino también de gas, que atraviesan el municipio de norte a sur, es por lo que entendemos sería de aplicación el art. 20 del Texto Refundido de la Ley 2/2004, del 5 de marzo.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente **ACUERDO:**



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ÚNICO.- Instar al Alcalde-Presidente para que por los servicios económicos municipales se redacte a la mayor brevedad posible la correspondiente "Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público local de las instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos", y se someta a la aprobación del Pleno ordinario de la Corporación, dentro del primer trimestre.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Explica as razóns da proposta. É consciente da complexidade pero tamén da necesidade de levala adiante.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Están a favor da proposta e do prazo.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Apoian a moción.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Remítese ao dito na Comisión. Están a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* O seu grupo xa elaborou unha moción a nivel nacional moi semellante a esta. Ten noticia de 5 sentenzas favorables. O tema da auga pode presentar algunha peculiaridade dada a súa natureza de servizo municipal.

*Sr. Fernández Comesaña:* Agradece o apoio dos demais grupos. A cuestión da auga pode reconsiderarse. Pensa que é unha oportunidade.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.6.- MOCIÓN DE URXENCIA:**

#### **Moción 1.- RÉXIME DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS**

Do grupo municipal Nigrán Decide.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 2015, e a iniciativa do actual voceiro de NIGRÁN DECIDE, leváronse por primeira vez a un pleno a aprobación dunhas Bases das Subvencións para actividades culturais, festeiras e deportivas. Con esas bases e a súa publicidade o proceso de concesión de subvencións é máis transparente.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Como resultado da aplicación de ditas bases, no ano 2015 concedéronse un 32% das cantidades previstas para subvencións de actividades culturais, festivas e deportivas.

No ano 2016 aprobouse o primeiro plan estratéxico de subvencións do Concello de Nigrán con vixencia para os anos 2016 a 2019. En dito plan establecíanse 7 liñas estratéxicas, entre as cales a liña 3 era para o fomento da participación veciñal, que subvencionaba actividades festivas e de asociacionismo veciñal, cuestións que na nosa opinión son diferentes.

En abril de 2016 aprobáronse por parte do pleno as bases que rexerían a concesión de subvencións durante ese ano. Bases semellantes ás do ano 2015, polo que no ano 2016 volveu ocorrer algo similar é só se concederon 4.684,61 euros para actividades veciñais e festivas e 5.269,23 euros para actividades culturais, dun total orzamentado para estas subvencións de 47.000 euros, é dicir, un 21,18%. Para as actividades deportivas concedéronse 11.168,91 euros dun total de 25 mil euros orzamentados, é dicir, un 44,68 %. Globalmente concedéronse 21.122,75 euros dun total de 72 mil que se podían conceder, menos dun 30% do total orzamentado.

Estes feitos poñen de manifesto que o actual sistema de concesión de subvencións non funciona, polo que é necesario modificalo substancialmente, a non ser que o que se pretenda é anunciar aumentos de subvencións nas partidas orzamentarias, para despois na realidade non concedelas. Situación que non se soluciona modificando as bases para que a contía máxima que poidan recibir pase de 1.000 a 1.500 euros. Con esta modificación, que na nosa opinión é un parche, este ano repartíranse en torno aos 30 mil euros, é dicir, un 40% aproximadamente.

Por outro lado, ao igual que en anos anteriores, durante o ano 2016 concedéronse miles de euros nas chamadas subvencións encubertas para actividades culturais, deportivas e festivas. As causas para que se siga realizando esta práctica poden ser diversas, entre as cales consideramos que a principal son as bases das subvencións, tal como están estruturadas.

Como primeira medida para corrixir esta situación consideramos que fomento e consolidación do asociacionismo veciñal e a conservación e consolidación das festas tradicionais que se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias do municipio deben ser dúas liñas estratéxicas diferentes.

Para que as asociacións de Nigrán realicen actividade e polo tanto se fomenta o asociacionismo é necesario que dispoñan de locais para realizar as súas actividades. Esta necesidade cóbrese de diferentes formas en Nigrán, unhas veces pola realización das súas actividades en locais municipais, cedidos por comunidades de montes ou outras asociacións ou locais propios da asociación.

Esta diversidade de situacións das diferentes asociacións de Nigrán con relación aos locais onde realizan as súas actividades crea situacións desiguais entre elas, xa que mentres algunhas teñen que soportar unha serie de gastos de mantemento que poden chegar ao 50% do orzamento da asociación, outras practicamente non teñen gastos de mantemento. É por iso polo que consideramos que a liña de fomento e consolidación do asociacionismo veciñal, nas súas diversas variantes, debería orientarse a subvencionar principalmente os gastos de mantemento das asociacións.

Por outro lado tamén é necesario definir cales son as actividades deportivas, culturais, veciñais e festivas subvencionables, así como os posibles beneficiarios das subvencións, xa que actualmente reciben subvencións encubertas colectivos que non cumpren os requisitos para recibilas segundo as bases.

O fácil para non xerar polémicas é non facer nada e continuar coa actual política de



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

subvencións, pero a cidadanía elixiunos, polo menos ao noso grupo municipal, para facer propostas de mellora, aínda que ao traballar e facer propostas corramos o risco de equivocarnos.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de **ACORDO**:

O pleno do Concello de Nigrán insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal a:

1. Deixe de conceder subvencións sen seguir ningún procedemento público e transparente.
2. Modifique o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Nigrán (anos 2016 a 2019) separando a actual liña 3 en dúas liñas diferentes, unha para o fomento do asociacionismo e outra para as actividades festeiiras, que sexan dotadas cada unha delas como mínimo coa metade da partida orzamentaria 924 48000 Subvencións para asociacións veciñais, en tanto non se creen no orzamento partidas diferentes.
3. Que elabore e presente para a súa aprobación no pleno unhas bases de subvencións ao fomento e consolidación do asociacionismo veciñal, destinadas a entidades veciñais e culturais, que financie os gastos de mantemento, entre os cales estarían os seguros, taxas, gastos de electricidade, auga, etc.
4. Que elabore e presente para a súa aprobación no pleno unhas bases de subvencións para a realización de actividades culturais, nas que ademais de definir o que se pode considerar que é unha actividade cultural, non limite a cantidade das actividades subvencionadas, establecendo criterios para que non haxa agravios comparativos entre os diferentes colectivos culturais de Nigrán.
5. Que elabore e presente para a súa aprobación no pleno unhas bases de subvencións para actividades festeiiras, nas que se establezan unhas contías mínimas para as actividades das diferentes parroquias.
6. Que elabore e presente para a súa aprobación no pleno unhas bases de subvencións para o fomento do deporte, onde se establezan unha contía mínima para cada un dos seguintes programas subvencionabeis:
  - Fomento do deporte, onde o criterio principal para determinar a contía da subvención sexa o número de persoas federadas, especialmente nas categorías inferiores, establecendo unhas correccións para evitar agravios comparativos.
  - Fomento dos deportes tradicionais e minoritarios dedicado ao fomento de actividades deportivas de clubs federados destas disciplinas deportivas non profesionais.
  - Fomento de actividades deportivas, nas que ademais de definir as actividades deportivas subvencionables, non limite a cantidade das actividades subvencionadas, establecendo criterios para que non haxa agravios comparativos entre os diferentes clubs deportivos de Nigrán.
7. Que se modifiquen todas as bases para que a xustificación das subvencións sexa máis sinxela, así como que se doten de flexibilidade nos prazos de solicitude e que as presente a súa posposta, conforme ao indicado nesta moción a todos os grupos da corporación antes do 10 de febreiro de 2017.
8. Que se aumenten as partidas orzamentarias para as subvencións co obxecto de evitar as chamadas subvencións encubertas.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

**Votación e acordo relativo á urxencia.-** Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

**Deliberación sobre o fondo do asunto.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Expón as liñas básicas da súa proposta. Pensan que as contías deben aumentarse. Fai fincapé nos distintos aspectos que contén a parte dispositiva da iniciativa presentada. Preténdese que dea tempo de tratalas en febreiro.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* A retirada das bases pode prexudicar aos colectivos. Hai aspectos cos que está de acordo e non tanto con outros. Está a favor de eliminar as subvencións encubertas. A distribución de contías que se propón non a comparte o BNG. O que hai que subvencionar son as actividades e non así a mera existencia dunha asociación. Noutros casos pormenorízanse en exceso os gastos subvencionables. É moi acertado non limitar as actividades subvencionables e tamén que se simplifique a xustificación, entre outros aspectos.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* O tema é moi complexo. É certo que hai aspectos nas actuais que son mellorables. As achegas de Nigrán Decide poden mellorar a futura proposta do goberno.

*Sr. Cuevas Raposo:* Hai aspectos que son orientativos de cara á redacción das bases.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pensa que as cousas non se fan así, con improvisación. É unha forma perversa de usar a política. Neste prazo non vai ser posible traer a cuestión, dada a súa complexidade. Absterase.

*Sr. Cuevas Raposo:* En abril do ano pasado xa lle dixeron ao goberno que non lle satisfacían estas bases, e non o fixeron.

**Votación e acordo sobre o fondo do asunto.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PSOE e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.

**Moción 2.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON CARGO AO PLAN CONCELLOS DA**



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### DEPUTACIÓN.

Do grupo municipal Nigrán Decide:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

Entre outras medidas, no programa electoral de Nigrán Decide estaba a de dignificar o salario do persoal do Concello que cobra o salario mínimo. Por iso introducimos a proposta 23, relativa ao emprego no Concello, entre as 37 propostas que presentamos ao actual goberno municipal para facilitar a súa investidura.

Como consecuencia das nosas solicitudes, na memoria da alcaldía do orzamento do ano 2016 dicíase que a Alcaldía de Nigrán, e o seu equipo de goberno municipal, comprometiase a:

- Dentro das partidas de emprego, cun aumento respecto a anos anteriores moi considerable, máis do 150%, terase en conta designar fondos co fin de que, cumprindo coa legalidade e o acordo sindical, pódase suplementar os salarios daqueles traballadores que cobren o SMI (salario mínimo interprofesional).

A pesar de que dos informes técnicos do Concello que advirten que as retribucións das persoas que sexan contratadas polo Plan de Concellos da Deputación deben estar referidas aos convenios colectivos aplicables, o goberno non fixo nada para suplementar os salarios daqueles traballadores e traballadoras que cobraban o salario mínimo.

No Plan de Concellos de 2016 establecíase na liña 4, "Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais", que as axudas comprendían o custo salarial e a cotización á Seguridade Social, de persoas desempregados (calquera que fose a categoría profesional) que reunisen os requisitos establecidos nas bases reguladoras de dito plan, co límite máximo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas).

O Plan de Concellos 2017 establece unha diferenza substancial con relación ao anterior, pois para estas axudas non establece o límite do Salario Mínimo Interprofesional. Este ano, as axudas comprenden o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras deste plan, respectando en todo caso o salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten de aplicación en atención á categoría profesional da persoa traballadora.

II.

Como todo proceso de selección, este programa de contratación dos concellos, subvencionado pola Deputación debería realizarse con total transparencia e publicidade.

Os únicos requisitos que se establecen para poder participar nos procesos de selección para cubrir estes postos son o de tratarse de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, así como estar empadroadas en Nigrán, polo que todas as persoas que cumpran estes requisitos deberían poder participar no proceso de selección.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de **ACORDO**:

**O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:**





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Que ao persoal que se contrate a través das subvencións procedentes do Plan de Concellos se lle aplique as retribucións da persoa traballadora no Concello de Nigrán da mesma categoría profesional.
- Que se fagan públicos os postos de traballo que se van cubrir coas subvencións proveñentes do Plan de Concellos, con indicación dos códigos das ocupacións en canto se inicie o expediente de solicitude das subvencións, ou inmediatamente se este proceso xa se iniciou, así como todos os trámites posteriores do proceso de selección.
- Que se adopten as medidas necesarias ante a oficina pública de emprego para que poidan participar no proceso de selección destes postos de traballo todas as persoas demandantes de emprego do Concello de Nigrán para cada categoría de posto de traballo ofertado polo Concello.

**Votación e acordo relativo á urxencia.-** Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

**Deliberación sobre o fondo do asunto.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Acaba de saír ese plan. A súa iniciativa trae causa da súa postura desde a investidura, que é o dignificar os salarios dos traballadores. A selección deber ser totalmente transparente. Dálle lectura á parte dispositiva da Moción. Trátase de que todos os que cumpran os requisitos poidan acceder.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O tema non debería tratarse por urxencia. Pódense reducir á metade os postos a cubrir á vista da proposta. Gustaríalle que percibisen máis salario, pero pensan primar o maior número dos que poidan beneficiarse. Co que se propón, a redución de traballadores sería drástica. Rexeita que se dubide da integridade dos procesos e dos que participan na selección. Non entende como se pode pedir que nos metamos no traballo da oficina de emprego. Os criterios que fixa a Deputación benefician aos máis necesitados. Pensan que é unha moción para a galería.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Non teñen a mesma opinión que o Alcalde. Se hai que suplementar os salarios debería ser o Concello quen o sufrague. A cuestión suscita dúbidas. Propoñen que se incorporen informes técnicos de amparo.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Considera que o asunto debería debaterse polo procedemento ordinario noutro Pleno. O modelo de selección ao mellor pode discutirse. É de supoñer que a Oficina de Emprego preseleccione con rigor. Hai que buscar un equilibrio entre requisitos e axilidade. Absterase.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Coincide en que non debe debaterse este





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

tipo de cuestións por urxencia, senón no seo da Comisión . As actuais bases da Deputación abren novas posibilidades retributivas. Está de acordo con que acceda o maior número posible de traballadores, sen prexuízo de que o Concello poida suplementar o salario, se é posible.

*Sr. Cuevas Raposo:* Non é o mesmo o custo do traballador que o seu salario. Non pretenden interferir na Oficina de Emprego, senón que se lles dea a oportunidade a todos os que cumpran os requisitos. Non dubidan do persoal que participa na selección dos traballadores. O político non debe dicir que fará o posible para que entre alguén.

*Sr. García Pazos:* Insiste en que falta moita información. Propón que se deixe sobre a mesa e que se pidan os informes que sirvan de soporte.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Outro aspecto problemático é o da igualdade de traballo. Os postos do Concello deberían ser ocupados por persoal do propio Concello. Estes serían traballos complementarios. Problemas coa selección houbo no pasado.

*Sr. Fernández Comesaña:* O criterio da Oficina de Emprego na preselección ao mellor baséase en normas. Concorde en que quede sobre a mesa.

*Sr. Cuevas Raposo:* A urxencia derivaba de que o ano pasado o proceso empezou en febreiro.

**Votación e acordo sobre a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE, PP, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a mesa.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia das Resolucións da Alcaldía dictadas entre o 1 de decembro de 2016 e o 30 de decembro de 2016, ambos incluídos.

### II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

1.1. Cal é o montante percibido por CESPAs durante o ano 2016 polos sistemas integrados de xestión?



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contestareille.

1.2. Tendo en conta que se vai descontar o 50% do montante percibido, canto ten que pagar durante o ano 2017 o Concello de Nigrán a CESPAs polo contrato de xestión do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza pública do municipio de Nigrán?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Envíanos unha copia para poder contestar.

1.3. Adxudicouse o subministro de elementos para un parque biosaudable en Chandebrito, cando pensa construír dito parque?

*Sr. Alcalde-Presidente:* No mes de febreiro.

1.4. Este martes saíu unha nova onde se indicaba que o Concello solicitara a substitución do saneamento e a reparación na Avda. De Portugal desde o centro de saúde da Xunqueira á Ramallosa. Recentemente estivo exposto ao público para que os interesados e as administracións públicas presentaran alegacións ao proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista entre Gondomar e Ramallosa, presentou o Concello algunha alegación a dito proxecto peonil para a substitución do saneamento e beirarrúas na Avda. de Portugal?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A nova que saíu na prensa non se refería a esas alegacións, referíase ás alegacións que o partido Socialista fixo aos orzamentos da Xunta de Galicia. Con respecto á pregunta, si presentou alegación.

1.5. Sobre o contrato de asesoramento, intermediación, elaboración e validación do proxecto de reorganización e ampliación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, aínda que non rematou o prazo de execución; remataron xa os traballos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están sin empezar.

1.6. Implica esa reorganización e ampliación unha modificación do contrato?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos pendentes da proposta que nos fagan.

1.7. Non se contestaron todos os recursos á inclusión no padrón das taxas de entrada de vehículos a través de beirarrúas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sei que hai algúns complicados, que están intentando resolver agora.

*Sr. Cuevas Raposo:* Esperemos que non se deneguen por silencio administrativo.

1.8. Pide que se mellore o equipamento informático e a liña de internet do despacho dos grupos políticos.

1.9. E que os investimentos subvencionados polo Plan Concellos sexan



consensuados na Corporación.

**2.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:**

2.1. En Porto do Molle aínda hai uns 100 contedores almacenados na zona de aparcamento, co risco de que se poida converter aquela zona nun pequeno vertedoiro, ten prevista a súa retirada?.

*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* Falará coa empresa.

2.2. O pasado mes de decembro fíxose público o anuncio de licitación de 4 anos do servizo de xestión informática integrada na área económica e de persoal por importe de 38.407 €/ano. Quixera saber en que situación se atopa o expediente ou se xa foi adjudicado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Abriuse a documentación administrativa a semana pasada e a semana que ven, creo que o día 30 ás 13 h, se abre a técnica.

2.3. Despois das polémicas xurdidas nos medios de comunicación en relación coa utilización do espazo nas pistas de tenis polo club de piragüismo Nigrán quería saber se ten coñecemento o Concello das actividades realizadas por este club durante os últimos anos, así como o número de alumnos de Nigrán inscritos e en que situación se atopa o expediente de retirada dunha caseta que estaba alí depositada.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non temos ningún tipo de comunicación deste club nin temos constancia de alumnos. A caseta a retiraron os donos porque non era deles, era dunha empresa de Gondomar.

2.4. Como consecuencia das obras de reforma do pavillón de Panxón non é posible a realización das actividades das escolas deportivas. ¿Onde se derivaron os alumnos para realizar as actividades? Está previsto que poidan volver antes de que finalice o curso ou xa non será posible ata que comece o novo en outubro? Por qué non se informou debidamente aos usuarios das novas localizacións? Nin sequera se puxo un cartel informativo na porta de entrada de cambio de localización por obras.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se a xestión foi mala non hai nada que corrixir, foi mala e punto. En canto á reubicación unha parte está no colexio Angel de la Guarda, outra no colexio de Mallón e outra no edificio da Comunidade de Montes de Monteferro. O prazo de execución é de 3 meses e esperamos que antes do fin do curso volvan ao pavillón en mellores condicións.

2.5. As obras do Concello parece que están terminadas, cando está previsto abrir ao público? Hai algunha razón técnica que o impida?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos pendentes, o Arquitecto municipal, que é o director de obra, e di que non é conveniente usalo ata que estea entregada a obra.

2.6. Hai algunha noticia do SERGAS da cesión da parcela do antigo ambulatorio de Panxón? Fixo algunha xestión política ou segue por canles administrativas? Que



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

problemas impiden a cesión ao Concello?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hoxe chamou o Director da Tesourería da Seguridade Social. Quedamos o martes que ven. É un caso estraño relacionado coa segregación da finca e que ten unha compoñente técnica, pero parece que temos un posible camiño para recuperar ese espazo. Resulta que cando se entregou a finca no seu día ao SERGAS non se lle entregou a totalidade, senón só a pegada do edificio. Agora parece que hai unha vía de solución.

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Abunda na explicación.

2.7. O día 16 de decembro aprobouse o padrón de contribuíntes así como o período de cobranza da taxa de carruaxes do ano 2013 por importe de 64.049€. Mereceu a pena provocar tanto caos modificando a ordenanza inicial para ao final terminar recadando o mesmo que antes? Onde está aquela bolsa de fraude que dicía antes o partido Popular, que descubrira máis de 1.000 novas altas? Por que aínda non se resolveron todas as reclamacións presentadas fai máis de dous anos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os servizos municipais son os que son.

2.8. O padrón do 2014 cando pensan polo ao cobro?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Durante este ano.

2.9. Por que se están resolvendo reclamacións de sancións de tráfico con máis de ano e medio de atraso? Quen se encarga da súa tramitación, a empresa adjudicataria ou o Concello? Cantas reclamacións están pendentes aínda de resolver?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Imaxino que a empresa adjudicataria.

### 3.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:*

3.1. Na saída da cabalgata de reis da Ramallosa quería saber se pensan que o percorrido establecido é o máis axeitado tendo en conta o importante caos xerado coas carrozas, que non podían dobrar para acceder á rúa Romana Baixa, atrasando a saída da cabalgata nunha hora e provocando que permanecesen pechados os accesos aos aparcadoiros da zona dende as catro ata as seis. Pensades que ese percorrido é o máis adecuado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se non foi o máis adecuado para atrás non podemos ir, tentaremos melloralo.

3.2. Rogo que se volva ao percorrido de fai dous anos.

3.3. Recentemente tivemos coñecemento dos problemas da empresa redactora do PXOM que aplicou un ERE a parte do seu cadro de persoal. Considera o goberno municipal que isto pode ter algunha incidencia na redacción do PXOM de Nigrán? Mantivo o goberno o municipal algunha comunicación coa empresa a este respecto?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A situación non é a ideal. Preferiríamos que non



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

pasara iso. Na empresa están intentando recompoñerse. Din que van cumprir o compromiso con Nigrán, pero tamén é certo que das dúas persoas que estaban traballando no Plan Xeral de Nigrán quedou unha soa, que é o director. Aínda que eles din que van cumprir, certa preocupación si que hai.

3.4. O Concello de Nigrán desistiu da subvención da Deputación ao programa municipal de canguros, pódese saber a razón?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque a Deputación asinou un convenio cunha entidade de Vigo que cubría o servizo e, polo tanto, desistimos desa subvención, porque xa se cubría directamente por esta entidade.

3.5. Prestaron o servizo en Nigrán?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

3.6. Ten constancia da sentenza de Carmen Guisande? Está no Concello?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Debería estar.

3.7. Rogo que se me facilite unha copia.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez